

ESPACIOS PARA A PALABRA NO SOLPOR DO MILENIO. CRÓNICA DE LETRAS DE CAL

MARÍA XESÚS NOGUEIRA

Será que os tempos nos fan preferir
calquera cousa que sexa movida
ás froliñas dos toxos!

Manuel Outeriño

O discurso crítico xurdido ao longo dos últimos anos foi consolidando unhas determinadas pautas de análise para o corpus que, dunha maneira máis ou menos consensuada, vimos denominando *poesía dos noventa*¹. Neste exercicio atendeuse, as máis das veces, a todos os elementos que integran o sistema literario, desde a creación ata a recepción, pasando por aqueles factores implicados na comercialización e distribución da obra².

A miúdo tense falado dunha eclosión de voces, descoñecidas ata o daquela, que foron configurando unha serie de propostas, moitas delas novidosas. Salientouse tamén a reacción dunha boa parte dos *poetas dos noventa* contra o paradigma que se fora consolidando na década anterior³.

¹ O marbete non deixa de resultar problemático, ao estaren nel implicadas cuestións de índole xeracional. A crítica amosouse consciente do carácter circunstancial destas etiquetas. Cfr.: «A estas alturas os termos acuñados, «poesía dos oitenta» ou «poesía dos noventa», teñen unha innegable función de información socioliteraria (idade, formación, grupo de poetas afíns, amizade, lugares que se frecuentan...) pero non son tan axeitados para unha eséxese real» (González, 1998: 653). Ao longo deste traballo empregamos o sintagma *poetas dos noventa* nun sentido xeral, para referirmonos a aqueles escritores que comezan a publicar as súas obras ao longo da década.

² Como é lóxico, a bibliografía que se ocupa da poesía desta década (especialmente da súa segunda metade) está condicionada pola inmediatez e o carácter provisorio. Merecen, con todo, ser destacados os traballos de Iris Cochón (1998, 1999), Helena González (1998) e Miro Villar (1998).

³ O título dun artigo de Helena González publicado no ano 97 semella revelador: «A poesía dos noventa e a reacción contra a poesía dominante». Vid. Referencias bibliográficas.

Outro dos factores que se ten identificado no estudio destes anos é a dinamización do panorama literario levada a cabo por unha serie de actividades impulsadas polos propios poetas, como son a organización de recitais e a creación de proxectos editoriais alternativos (revistas, volumes colectivos, edicións de autor, etc.).

Os datos a respecto do volume de publicacións ao longo desta década⁴ revélanos un particular mercado editorial no que conviven fenómenos de aparencia tan dispar como a creación de coleccións de poesía *estables* por parte das grandes empresas, e a edición alternativa ou a autoedición. É neste panorama complexo onde temos que enmarcar a crónica de Letras de Cal, un proxecto que ilustra en boa medida algunhas das actitudes que están detrás da *poesía dos noventa*.

DOS PRELOS HERDADOS

Unha das ideas que se veñen reiterando con respecto á poesía dos oitenta é a da súa aparente normalidade⁵. Tal afirmación argumentouse en razóns de índole literaria (o madurecemento temático e formal do discurso) e extraliteraria (a nova situación política, a proliferación editorial, as actividades culturais paralelas). Nas lecturas que se teñen feito desta etapa da nosa historia literaria salientouse o labor dalgunhas coleccións de poesía como é o caso de Leliadoura, de Sotelo Blanco –acaso a

⁴ Podemos consultar as panorámicas que se veñen publicando nas revistas *Dorna*, *Expresión poética galega* e *Anuario de estudos literarios galegos*. Para os últimos anos, vid. Roig Rechou (coord.), 1996, 1997, 1998 e 1999).

⁵ Sobre a poesía dos oitenta pódense consultar os traballos de Henrique Monteagudo (1985), Rodríguez Fer (1994), Rodríguez Gómez (1996) e María Xesús Nogueira (1997), entre outros.

máis importante—; Dombate, da Editorial Galaxia; Ventobranco, de Xerais; ou a Serie Liminar de Poesía, de Edicións do Castro.

Con todo, esta visión *normalizada* e relativamente homoxénea da poesía dos oitenta, tamén no que se refire ao panorama editorial, eclipsou algunhas interesantes experiencias de carácter alternativo que tiveron lugar nestes anos á marxe das grandes canles de difusión. Entre elas cómpre lembrar as edicións de autor (*Perdendo o tempo que fuxe como Xoán Sebastián Bach*, de Paulino Vázquez; *O pabellón das hortensias azuis*, de Alfonso Pexegueiro), as edicións singulares desde o punto de vista paratextual (*Tigres de ternura*, de Claudio Rodríguez Fer; *Nausícaa*, de Manuel Forcadela), *productos experimentais* (*Anisia e outras sombras*, de Manuel Rivas e Xavier Seoane; *Poesía experimental*, de Xavier Seoane e Raúl Reguera), etc.

Cómpre, por outro lado, ter en conta o esmorecemento detectado pola crítica nos últimos anos da década. Miro Villar describe do seguinte xeito a situación:

a finais da década anterior houbo un certo impasse na produción lírica do noso país, reducíronse de maneira notábel os poemarios editados, deixaron de publicar varios «poetas dos oitenta» [...]. As editoras, como a propia Sotelo Blanco na colección que leva o mesmo nome que o certame [Leliadoura], Galaxia en «Dombate» ou Xerais en «Ventobranco», facían descender o número e o ritmo da publicación ata íren desaparecendo nestes anos⁶ (Villar, 1998: 223).

OS ANOS NOVENTA

As polémicas sobre un suposto relevo xeracional protagonizado polos xoves escritores que irrompían no panorama literario, enmascararon baixo metáforas diversas algunhas tensións que se esta-

ban a producir, como a disputa do centro do sistema literario ou a procura de novos espazos editoriais. Neste obxectivo implicáronse en maior ou menor medida unha boa parte dos escritores que comezan a publicar nesta década, ata o punto de se converter esta actitude nun dos trazos identificadores das novas propostas poéticas.

A necesidade de dar saída aos novos produtos nun mercado editorial abondo nutrido de obras inéditas, deu como resultado unha serie de iniciativas, de maior ou menor continuidade, que configuraron un panorama particular.

No ano 1996, o poeta Rafa Villar expoñía as súas ideas a respecto da situación editorial do momento e propoñía a seguinte tipoloxía:

1. Edición fantasma
2. Edición de autor
3. Edición alternativa
4. Edición ao uso (Villar, 1996)

O escritor referíase, nun relatorio non exento de alusións á súa propia experiencia, á *edición fantasma* de obras premiadas en determinados certames literarios que non chegan a ser distribuídos, ou sono dun xeito simbólico. Con respecto á *edición de autor*, salienta as dificultades coas que esta se atopa á hora da súa distribución e venda. No que atinxe á *edición alternativa*, entendida como aquela *sen subvencións e sen submisións*, considera que, cando se opta por esta vía

o libro transfórmase. Normalmente, vólvese nun obxecto con entidade de seu máis alá das palabras que o autor ceibou polas súas páxinas (*ibidem*).

Finalmente, o escritor identifica a *escasa distribución* e o *número limitado de exemplares* como os atrancos fundamentais desta opción.

Rafa Villar describe con acerto e ironía un horizonte no que, por veces, non é doado delimitar as fronteiras. Igual dificultade supón ubicar nesta tipoloxía casos como as axudas á edición, certos volumes colectivos, libros subvencionados por entidades públicas e privadas, etc.

As lecturas máis optimistas da realidade cultural do momento, que falan dunha *efervescencia editorial* e dunha situación na que *a poesía é un produto máis no mercado cultural* (Villar, 1998), vense matizadas por outras menos eufóricas, como a de

⁶ Cfr.: «A colección «Leliadoura» foi desde o momento da súa creación o espazo máis estable para a publicación; alí participan todas as voces importantes da promoción dos oitenta [...], e a súa desaparición foi lamentada por todos. «Dombate», que comezou como espazo ambicioso no que se daba acubillo a poemarios novos [...] foi pouco e pouco desatendéndose, quedando reducida na actualidade á publicación do premio Martín Codax» (González, 1998: 653).

Helena González na súa panorámica da poesía do ano 1998:

Vívese unha certa sensación de acougo pero chea de lagoas, porque o acceso á publicación é máis complicado agora que a penas quedan catro coleccións estables que publiquen poemarios por iniciativa propia, sen o apoio publicitario e/ou económico dun premio, e o número de títulos publicados ó ano é reducido (oscila entre doce, o que máis, e dous, que é a media máis habitual), por iso os múltiples premios de poesía patrocinados por concellos pequenos, normalmente de contía modesta, serven, alomenos para garantir a publicación (González, 1999: 267).

Creemos necesario profundar un pouco máis neste panorama que evidencia algunhas das contradicións do mundo editorial na década dos noventa no que á poesía se refire.

OS GRANDES ESPACIOS EDITORIAIS

Unha das empresas que maior transcendencia tivo na publicación de poesía destes anos foi Espiral Maior. A editora, fundada no ano 1990 por Miguel Anxo Fernán-Vello⁷, puxo en marcha as coleccións Poesía e A Illa Verde. Nelas publicaron as súas obras un importante número de escritores de distintas pomocións. No seu catálogo figura unha nómina heteroxénea que vai de Manuel María ou Xohana Torres ata Emma Couceiro ou Yolanda Castaño, pasando por moitos dos poetas dos oitenta.

Aínda que cunha importancia menor no que atinxe a volume de publicacións, cómpre ter en conta o labor que vén desenvolvendo Edicións Positivas. A empresa puxo en marcha a colección Di-versos de Poesía, caracterizada por unha certa marxinalidade con respecto ás formas dominantes,

⁷ Cfr: «Curiosamente, un dos pasos máis importantes para a aparición de novas voces poéticas vén da man dun «poeta dos oitenta». En 1991, Miguel Anxo Fernán Vello, sen dúbida tomando man do negror do panorama poético, crea o selo editorial Edicións Espiral Maior [...] (Villar, 1998: 223). O estudioso fai referencia tamén á creación do certame literario do mesmo nome, dirixido a escritores noveis.

tanto no que se refire ás propostas poéticas publicadas como ao seu deseño paratextual e unha aposta pola modernidade. Entre os títulos da colección figura a poesía de Lois Pereiro, Antón Reixa, o grupo Ronseltz, Manuel Outeiriño ou Carlos Santiago, por citarmos algún exemplo. Cómpre lembrar o carácter innovador, no que atinxe a cuestións formais, do poemario *Extrema Europa*, de Claudio Rodríguez Fer. Trátase dun libro obxecto concibido como un conxunto de tarxetas, trípticos e opúsculos reunidos nun formato de caixa.

Outro chanzo importante no madurecemento do mercado editorial no que se refire á poesía foi a creación, no ano 1996, de Ablativo Absoluto por Edicións Xerais de Galicia. A colección, dirixida polo escritor Fran Alonso, presenta tamén un coitado corpus paratextual. No que se refire ao seu catálogo, resulta evidente a aposta por poemarios novidosos, cunha atención preferente aos autores máis novos: Estevo Creus, Olga Novo, María do Cebreiro, Claudio Pato, etc.

Con estas coleccións conviven outras, de menor importancia se atendemos ao volume de publicacións. Algunhas serven unicamente como vía de publicación de libros premiados en determinados certames: Dombate, de Galaxia (Premio Martín Codax); Eusebio Lorenzo Baleirón, de Edicións do Castro (certame do mesmo nome); Esquíu (Premio Esquíu de Poesía); ou a colección da Deputación da Coruña (Premio Miguel González Garcés).

Outras, a pesar editaren tiraxes reducidas, contribúen a unha difusión máis ampla da poesía. É o caso de Ferros, de Edicións Xerais (non exclusiva da expresión poética), Noitarenga, Bahía ou Tosoxoutos⁸.

A AUTOEDICIÓN

Este procedemento segue a ser unha vía de publicación para algún dos escritores, especialmente para aqueles que queren dar saída editorial á súa *opera prima*. Foi esta a opción escollida por

⁸ Na súa panorámica do ano 98, á que máis arriba nos referimos, Helena González refírese á existencia dunhas *coleccións de referencia*, entre as que figuran Espiral Maior, Ablativo Absoluto, Di-versos e Letras de Cal, advertindo da consolidación desta última como *o espazo dos noveis* (González, 1999: 267). Na nosa análise incluímosla noutro apartado, polo feito de non depender de ningunha empresa editora.

autores como Rafa Villar (*O devalo do mar*) ou Fran Alonso (*Persianas, pedramol e outros nervios*). A pesar dos atrancos derivados do rudimentario sistema de distribución, algunha destas obras tivo unha certa repercusión crítica. Así aconteceu cos poemarios *Pornografía*, de Lupe Gómez⁹ e o libro sen título de Celso Fernández Sanmartín¹⁰. Esta alternativa foi seguida tamén por outros escritores que iniciaran a súa traxectoria na década anterior. Cómpre destacar, polo coidado da edición, o libro *A experiencia inglesa*, de Paulino Vázquez.

Cremos necesario insistir unha vez máis na escaseza de recursos con que se levan a cabo a maior parte destes proxectos. Esta característica condiciona, as máis das veces e de maneira considerable, o resultado final. Adoita ser este condicionante dobre, tanto no que se refire á calidade do produto (maquetación, coidado do texto, ilustracións, etc.) como na súa distribución. O segundo dos aspectos ten unha maior gravidade, pois condena a algunhas obras a pasaren practicamente desapercibidas fóra de pequenos círculos, senón que as volve tamén, andando os anos, pezas de bibliófilo de difícil acceso.

OS LIBROS COLECTIVOS

No balance editorial da década ocupan un lugar importante os volumes colectivos, con independencia da súa natureza. Algúns deles ven a luz gracias á subvención dunha determinada entidade ou institución¹¹. Outros, sen embargo, teñen un carácter alternativo.

Neste corpus heteroxéneo identificamos a miúdo un certo espírito grupal, baseado en cuestións literarias, xeográficas e ideolóxicas. Na súa achega á lírica na fin do milenio, Miro Villar afirma que

se algo caracteriza á «poesía dos noventa» é que se produciu neste período un boom da poesía en colectivo (Villar, 1998: 225).

Algúns destes grupos editaron a súa obra ao longo da década. Foron estes, entre outros, o men-

cionado Ronseltz (*Unicornio de cenorias que cabalgas aos sábados*), Dolmen (*Sete poetas ourensáns*), Hedral (*Sete poetas da Coruña*), o Batallón Literario da Costa da Morte (*Nós*), a Asociación Cultural Santa Compañía (*Sete Naos*), a Corporación Semiótica Galega (*Cesures-China*), Bilbao (*Comercial. Poesía Galega en Madrid*), etc.

A isto habería que engadir unha serie de volumes circunstanciais, como é o caso de *Vis a vis. Trinta e seis poemas e unha idea*, do Grupo de Apoio a Elías e Ramiro; *Batallón Literario da Costa da Morte. Poetas Galegos a Holguín*, etc.

OUTROS PROXECTOS ALTERNATIVOS

Nesta viaxe polo mapa editorial da década dos noventa, que en ningún momento pretendeu a exhaustividade, debemos lembrar a existencia doutras iniciativas, marcadas todas elas polo carácter alternativo ou marxinal con respecto ás publicacións ao uso das editoriais.

Algunha delas caracterizouse pola súa factura artesá e o traballo paratextual. Referímonos ás Edicións do Dragón, que publicou, desde o ano 1990, unha serie de carpetas de poesía con textos manuscritos e gravados. A pesar do escaso número de títulos editados pola colección¹², así como da súa reducida tiraxe, as carpetas do Dragón supuxeron unha interesante actividade dinamizadora da poesía dos noventa¹³. Algunha delas atopou mesmo un notable eco na crítica, como aconteceu co poemario *A teta sobre o sol*, de Olga Novo¹⁴.

En xeral, estas iniciativas evidencian o seu carácter alternativo na escolla do formato. Nos últimos tempos, cómpre lembrar a aparición da colección O Roibén, de Edicións Río Xuvia, que vén publicando unha serie de cadernos de poesía de contido

¹² Foron estes o volume colectivo *Ao mar de adentro*; Fran Alonso, Francisco Souto e Miro Villar, *A rota dos baleeiros*; a carpeta colectiva de poesía de muller *Oito e medio*; Franciso Souto e Adriana Castro; *Dous bocetos*; Rafa Villar, *No mesmo espacio*; Olga Novo, *A teta sobre o sol*; a carpeta colectiva *Bestiario*.

¹³ Cómpre destacar a organización de recitais mensuais organizados pola editora na cidade de Santiago desde o ano 1995.

¹⁴ A atención concedida pola crítica contrasta coa escasísima tiraxe e distribución do poemario. Cfr.: Araguan (1996); L. B. (1996); Seara (1996).

⁹ Cfr.: Vidal (1995); Lorenzo (1995).

¹⁰ Cfr.: Nogueira (1996); Outeiriño (1996); Seara (1995).

¹¹ Para a importancia das subvencións na publicación de obras de poesía, vid. Roig Rechou (coord.), 1996, 1997, 1998 e 1999.

diverso e por veces novidoso. Tal é o caso do mencionado volume de *Comercial Poesía galega en Madrid; Carreiros. Mostra da poesía da Terra Eo-Navia en lingua galega; ou Xeitos de falar. Mostra de poesía asturiana*¹⁵.

LETRAS DE CAL

É neste contexto, marcado polo carácter alternativo, onde xorde un singular proxecto editorial, ao abeiro da Asociación Cultural Amaía. Trátase da colección Letras de Cal, creada no ano 1997 e concibida cunhas características particulares que lle imprimen un espírito diferencial no mercado de hoxe en día.

Unha delas é a amplitude do seu consello editorial, integrado por dezaioito membros, todos eles vinculados ao mundo da creación poética. O colectivo actúa, na escolla dos seus títulos, de xeito asembleario.

Outro dos trazos que singularizan a colección é o seu carácter non lucrativo. O traballo editorial lévase a cabo gracias ao voluntarismo dos seus responsables, tanto no que se refire ao aspecto económico como ao humano. No que atinxe á distribución e venda, atopamos unha grande similitude coas estratexias desenvolvidas nas edicións de autor. Esta lévase a cabo, fundamentalmente, de dous xeitos: a venda directa, moitas veces nos recitais e presentacións e unha pequena (por veces simbólica) distribución nas librerías. Os recursos humanos dependen tamén nesta actividade do voluntarismo do consello editorial.

No que se refire á propia colección, un dos aspectos que chama a atención é o seu deseño. Trátase de libríños de reducido formato¹⁶, cun baixo custo de produción, coa capa impresa a dúas tintas e cun deseño na portada. O prezo de venda é tamén baixo, equiparable ao doutros libros de peto de similares características. A tiraxe vén sendo de 400 exemplares¹⁷.

Hai aínda unha característica que individualiza a Letras de Cal fronte a outras coleccións de poe-

sía. Trátase da escolla normativa. A colección admite textos en calquera das ortografías galegas e portuguesa. É este un aspecto alternativo, se temos en conta a actitude homoxénea dunha boa parte das editoras do mercado.

Mais a novidade máis grande desta colección de peto radica quizais nos obxectivos cos que foi concibida. Letras de Cal naceu cunha vocación de dar cabida ás propostas poéticas daqueles escritores máis novos, cunha atención especial aos inéditos. É este, probablemente, o trazo que lle confire un carácter verdadeiramente alternativo.

A colección estreouse en abril de 1997¹⁸ con dous títulos que respondían perfectamente aos seus obxectivos iniciais: *A primeira visión*, de María Lado; e *Propiamente son captivo*, de Celso Fernández Sanmartín. Ambos os dous pertencían a autores novos en canto a idade e escasamente coñecidos no panorama literario do momento. Por outra banda, a súa obra non vira a luz en forma de libro, cando menos polas canles convencionais¹⁹. O primeiro dos volumes achegaba unha estética da sinxeleza, o minimalismo e a inxenuidade. O segundo presentábanos a unha voz rupturista na que se identificaron pegadas de escritoras como Luísa Castro ou Xela Arias²⁰. Ambos os dous tiveron unha boa acollida entre os lectores, segundo demostran as palabras de Miro Villar a propósito do sistema de distribución dos exemplares:

A estratexia editorial consiste en presentar os libros en recitais públicos nos máis diversos lugares, máis dunha ducia de veces, conseguindo algo inaudito para as editoriais comerciais: o esgotamento das tiraxes, que no seu caso son de 400 exemplares e que se venden a cincocentas pesetas (pouco máis de tres euros). Ese foi o camiño percorrido polos dous primeiros títulos [...] (Villar, 1998: 224).

A seguir, a editora acometeu a publicación de dous novos poemarios: *Ruído de motos*, de Kiko Neves; e *Quen nos defende a nós dos idiotas?*, de Igor

¹⁵ Na colección apareceron tamén os poemarios *Todo morte*, de Manuel Pereira; e *Xábregbo*, de Carlos Solla.

¹⁶ O último dos volumes, *dEfecto 2000. Antoloxía de poetas dos 90* ten un formato de maiores dimensións.

¹⁷ Coa excepción do último volume, do que se tiraron 800 exemplares.

¹⁸ Cfr. Varela Sieiro (1997); A. I. (1997); S. C. (1997).

¹⁹ Celso Fernández Sanmartín publicara xa o seu poemario sen título (1995). Por outro lado, outro dos seus poemarios circulaba, por aquela altura, en edición fotocopiada.

²⁰ Cfr. Araguas (1997). Sobre estes dous poemarios *vid.* tamén Eyre (1997); Varela Sieiro (1997); Seixas (1997).

Lugrís²¹. A vontade coa que o proxecto fora concibido semella verse de novo cumprida, pois ningún dos dous autores dera ao prelo con anterioridade ningún libro. Por outra banda, a obra de Kiko Neves semella encaixar perfectamente co espírito dunha colección de peto, dada a temática urbana, xuvenil e contracultural dos textos. En *Quen nos defende a nós dos idiotas?* atopamos a formulación dun discurso comprometido, combinado por veces cunha temática amorosa.

Un ano despois, a colección lanzou dous novos volumes, *As laranxas de Alí Babá*, de Carlos Negro; e *Fado*, de Francisco Souto. O primeiro dos poemarios é novamente unha *opera prima* que consegue un orixinal discurso cheo de suxestións míticas, narrativas e sensuais. *Fado* pertence a un escritor que amosou unha actitude dinámica con respecto á difusión da expresión poética por canles alternativas á fronte das Edicións do Dragón e do propio proxecto editorial. Trátase dun poemario que tematiza o amor, a patria ou a melancolía, recuperando actitudes de signo neocostumista²².

No sucesivo, viron a luz dous volumes de características ben diferentes. *Odiseas* é o primeiro poemario de Sechu Sende. O autor tece un discurso onde combina as referencias míticas á viaxe coa crítica social²³. *Un corpo para a infancia*, da escritora portuguesa Celeste Craveiro, abre as portas á expresión poética da lusofonía nas páxinas da colección.

Na última das entregas poéticas de Letras de Cal, a editora semella reafirmarse nos seus presupostos iniciais, optando, sen embargo, por proxectos diferentes aos anteriormente realizados. Por unha banda, leva a cabo unha reedición, a da carpeta *A teta sobre o sol*, de Olga Novo, publicada no seu día polas Edicións do Dragón e escasamente distribuída dada a súa reducida tiraxe. Por outra, elaborou o proxecto máis ambicioso: *dEfecto 2000. Antoloxía de poetas dos 90*. A obra encaixaba perfectamente no compromiso que a colección mantivo cos escritores que viñeron publicando a súa obra ao longo da década.

A difícil e polémica tarefa de escolmar a *poesía dos noventa* é acometida neste caso dun xeito colec-

tivo. Así, no prólogo da obra advírtese de que se trata dunha

antoloxía de lectores e lectoras, e non a típica escolla que depende da perspectiva crítica dalgún profesional da literatura.

Por outro lado, nestas *letras limiares* déixase constancia do xeito de traballo, así como do criterio de limitar a antoloxía a unha nómina constituída por

todos os autores e autoras que durante a década dos 90 publicaron o seu primeiro libro individual, mesmo sabendo que aí deixábase fóra un número importante de poetas que se deron a coñecer (organizados en asociacións ou que apareceron en revistas e publicacións colectivas) nestes dez últimos anos.

A explicación que reproducimos mostra, ademais, indicios da necesidade de procurar novos espazos para a publicación da produción poética. O prólogo ofrece aínda outro dato importante para a avaliación da poesía á que nos estamos a referir, cando explica que

o listado que manexamos era de case cen poetas, o que, malia parecer unha esaxeración, é só o reflexo da realidade que se viviu na nosa poesía nesta década, coa implosión de novas propostas poéticas (algunhas ben novidosas), fenómeno este que mesmo logrou achar eco na crítica literaria e nos medios de comunicación.

A obra, que aparece desprovista de estudio previo, notación a pé de páxina e outra información, a non ser unha mínima nota bio-bibliográfica dos poetas, é a primeira antoloxía da *poesía dos noventa* publicada en Galicia²⁴.

²¹ Cfr.: F. C. W. (1997).

²² Cfr. Araguas (1998). Sobre estes dous novos poemarios vid. tamén: Novo (1998); Lorenzo (1998); R. N. (1998); López Foxo (1998).

²³ Vid. Thone Loop (1998).

²⁴ A única antoloxía *dos noventa* era ata ese momento *Muestra de la joven poesía gallega*, elaborada por Yolanda Castaño e publicada pola revista mexicana *La Flama en el Espejo* no ano 1997. Miro Villar advirte oportunamente que «en rigor, non se pode entender como tal a recente escolma *Para saír do século. Nova proposta poética* (1997), en edición de Luciano Rodríguez e Teresa Scara, porque inclúe poetas que xa participaron do espírito poético da década anterior como Ana Romaní ou Antón L. Dobao (Villar, 1998: 222).

Os escritores escolmados son Marilar Aleixandre, Fran Alonso, Yolanda Castaño, María do Cebreiro, Xabier Cordal, Emma Couceiro, Estevo Creus, Marta Dacosta, Eduardo Estévez, Celso Fernández Sanmartín, Lupe Gómez, María Lado, Igor LUGRÍS, Olga Novo, Manuel Outeiriño, Chus Pato, Isolda Santiago, Sechu Sendé, Francisco Souto, Miro Villar e Rafa Villar.

A iniciativa de Letras de Cal, a pesar da súa breve traxectoria, deixou xa un interesante contributo á *poesía dos noventa*. No seu espírito e na súa dinámica observamos algunhas das tendencias máis representativas do mercado editorial dos últimos anos. Son estas, na nosa opinión:

a) Carácter alternativo. Independencia con respecto ás empresas editoriais.

b) Estratexias semellantes ás da autoedición no que se refire á distribución e venda.

c) Compromiso coa *poesía dos noventa* e atención ás propostas máis novidosas (compartida por coleccións como Ablativo Absoluto ou Di-versos), con especial interese cara aos autores inéditos ou con dificultade para publicar a súa obra (de igual maneira que as autoedicións e outras edicións alternativas).

d) Espírito de grupo, manifestado na organización de actividades paralelas como presentacións ou ciclos de recitais.

Estes trazos confiren ao pequeno proxecto un certo carácter representativo das actitudes dominantes no panorama editorial de hoxe en día. Desde a periferia, a colección Letras de Cal ilustra algunhas das particularidades do noso sistema literario no que ao mundo editorial se refire, e quizais algunhas actitudes comunmente asumidas polos escritores e escritoras da *poesía dos noventa*.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- A. I. (1997): «Celso Fernández y María Lado inauguran la colección de Poemas 'Letras de Cal'», *El Correo Gallego*, 28 de mayo, p. 11.
- ARAGUAS, V. (1996): «Isto non é un xogo», *O Correo Galego*, «Revista das Letras, Artes e Ciencias», 15 de agosto, p. 6.
- (1997): «Letras de cal», *O Correo Galego*, «Revista das Letras, Artes e Ciencias», 20 de novembro, p. 6.
- (1998): «Fado patriótico», *O Correo Galego*, «Revista das Letras, Artes e Ciencias», 17 de decembro, p. 6.
- CASAS, A. (1997): «De impurezas, epitafios e balbordos. Lectura non só sistémica de Fascinio de Chus Pato, nas coordenadas líricas dos 90», *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, Vigo, Galaxia, pp. 129-148.
- COCHÓN, I. (1998): «Dicción, contradicción e nación: a incorporación do mundo no discurso poético último», *Grial* 140, pp. 717-730.
- (1999), «Los noventa del novecientos», *Ínsula*, 629, mayo, pp. 22-24.
- CORDAL FUSTES, X. (1996): «O libro sen título de Celso F. Sanmartín», *A Trabe de Ouro*, 25, pp. 125-126.
- EYRE, X. M. (1997): «Arre-sentelha»: «Bravura máis alá», *A Nosa Terra*, 17 de xullo, p. 24.
- F. C. W. (1997): «A colección «Letras de Cal» confírmase como a canle da nova poesía galega», *O Correo Galego*, 26 de novembro, p. 44 [= *El Correo Gallego*, 26 de noviembre, p. 12.]
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, H. (1997): «A poesía dos noventa e a reacción contra a poesía dominante», *O Correo Galego*, «Revista das Letras, Artes e Ciencias», 3 de xaneiro, pp. 3-7.
- (1998), «Repensar, fatigándose, desde a desorde actual», *Grial* 140, pp. 651-655.
- (1999): «Poesía: bos poemarios e modelos diversos», *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, Vigo: Galaxia, pp. 261-269.
- L. B. (1996): «Poemas manuscritos e autógrafos», *La Voz de Galicia*, «Culturas», 4 de junio, p. 6.
- LOOP, Thone (1998): «Sechu Sendé emprende o camiño das odiseas», *O Correo Galego*, 17 de decembro, p. 46 [= «Letras de Cal publica un novo volume poético, 'Odiseas' de Sechu Sendé», *El Correo Gallego*, 17 de diciembre, p. 75].
- LÓPEZ FOXO, M. (1998): «Do gozo á amargura», *A Nosa Terra*, 5 de novembro, p. 30.
- LORENZO, F. P. (1995): «Lupe Gómez, unha nova amante da linguaxe», *O Correo Galego*, 15 de decembro, p. 34.
- (1998): «Letras de Cal» presentou os novos poemarios de Paco Souto e Carlos Negro», *O Correo Galego*, 29 de abril, p. 46 [= «A assemblea literaria de 'Letras de Cal' festexa o primeiro ano de vida da editora», *El Correo Gallego*, 29 de abril, p. 15].
- MONTEAGUDO, H. (1985): «Dez anos de poesía galega», *Grial* 89, pp. 268-279.
- NOGUEIRA, M. X. (1996): «Sen título de Celso Fernández Sanmartín», *Dorna. Expresión Poética Galega*, 22, pp. 143-145.
- (1997): «Poesía galega dos oitenta», *Boletín Galego de Literatura*, 18, pp. 57-84.
- NOVO, O. (1998): «Letras de Cal: entre o fado e a maxia», *Tempos Novos*, 16, setembro, p. 62.

- R. N. (1998): «O fado das laranxas», *O Correo Galego*, «Revista das Letras, Artes e Ciencias», 30 de abril, p. 3.
- RODRÍGUEZ FER, C. (1994): «Panorama da poesía galega», en VV.AA., *La poesía nueva en el mundo hispánico. Los últimos años*, Madrid: Visor Libros, pp. 55-63.
- RODRÍGUEZ GÓMEZ, L. (1996): «Una introducción a la poesía de los 80», *Litoral. Poesía gallega contemporánea*, pp. 36-47.
- ROIG RECHOU, B. A. (coord.) (1996, 1997, 1998, 1999), *Informes de literatura*. Santiago: Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades.
- S. C. (1997): «Letras de Cal»: poesía enérxica a prezos populares», *O Correo Galego*, 28 de maio, p. 45.
- SEARA, T. (1995), «Versos como flores», *A Nosa Terra*, 2 de novembro, p. 24.
- (1996): «Plenitude», *A Nosa Terra*, 4 de xullo, p. 24.
- SEIXAS, M. A. (1997): «Letras de tal e cal», *O Correo Galego*, 16 de xuño, p. 3.
- VARELA SIEIRO, J. (1997), «Unha nova editorial creada por poetas», *El Correo Gallego*, 28 de setembro, p. vi.
- VIDAL, C. (1995): «A autoedición é o recurso que queda a moitos novos poetas», *A Nosa Terra*, 21 de decembro, p. 24.
- VILLAR, M. (1998), «A poesía galega na fin do segundo milenio (1976-1998)», en L. Alonso Girgado (coord.), *Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa*, s.l.: Xunta de Galicia, Publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 213-228.
- VILLAR, R. (1996), «O negocio das editoriais alternativas», *1.º Encontro de escritores e Escritoras da Costa da Morte*, Cee, xuño.